
**CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCIÓN DA
CASA DA CULTURA DE LÉREZ NO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

■ **ENTIDADE CONVOCANTE**

Convoca este concurso a Comunidade de Montes en Man Común da parroquia de Lérez no concello de Pontevedra, en colaboración coa Delegación de Pontevedra do Colexio de Arquitectos de Galicia.

■ **CONCURSANTES**

Poderán participar no concurso as persoas físicas profesionalmente competentes para levar a cabo o proxecto obxecto do concurso, españois ou non que se atopen facultados legalmente para exercer a profesión no territorio español, e que non se atopen incurso en ningunha causa de incompatibilidade para a redacción deste anteprojecto. Poderán participar individualmente, ou asociados en UTE, ou formando equipos multidisciplinares, neste último suposto, baixo calquera forma societaria de carácter civil ou mercantil, debendo ser o director do equipo ou o encargado de dirixir os traballos un profesional competente de acordo coa Lei de Edificación. Igualmente poderán participar persoas xurídicas cuxos fins sociais correspondan co obxecto do concurso, sempre e cando o director de equipo ou o encargado de dirixir os traballos sexa un profesional competente de acordo coa Lei de Edificación. En calquera caso, será preciso ter plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ao obxecto do contrato.

Só se poderá presentar unha proposta por persoa, non admitindo que unha mesma persoa participe en varios equipos, presente varias propostas individualmente e/ou mediante unha ou varias empresas.

■ **CALENDARIO**

■ Convocatoria **4 de abril de 2008.**

Os canais de difusión da convocatoria do concurso serán os medios de difusión en prensa, boletíns e circulares do COAG e a páxina web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

■ Recepción de consultas **ata o 25 de abril de 2008**

As posibles consultas remitiranse no prazo fixado a concursos@coag.es, concluído o prazo de recepción de consultas, tódolos concursantes admitidos poderán descargar vía web, as respostas á totalidade das consultas formuladas.

■ Presentación dos traballos **6 de xuño de 2008**

Os equipos participantes só poderán presentar unha proposta por cada inscrición. A entrega farase en man ou correo certificado, na Delegación do COAG de Pontevedra ata as 14.00 horas do día fixado como límite.

■ Resolución do concurso **20 de xuño de 2008**

Na data indicada terá lugar o fallo do Xurado, do cal se dará traslado ós premiados e publicarase en circular do COAG.

■ Recollida dos traballos non premiados

Os traballos non premiados poderán retirarse persoalmente ou por delegación escrita no prazo de dous meses desde o fallo do xurado. Entenderase que os autores dos traballos non recollidos nos prazos estipulados renuncian implicitamente a eles.

■ **FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN**

Xunto cos paneis acompañarase un sobre pechado no exterior do cal figurarán o título do concurso e o lema escollido, e no seu interior o nome do/s concursante/s e a súa dirección e teléfono de contacto.

Os traballos presentaranse na Delegación en Pontevedra do COAG (Riestra, 11, 1º - 36001 Pontevedra - Fax: 986 845126)

■ **PREMIOS**

- Primeiro Premio: **3.000 €**, en concepto de entrega a conta dos honorarios do proxecto.
- Accésit: Outorgaranse tres accésit, de **1.500 €** cada un.